



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA, O
REAL AERoclUB DE LUGO, E A EMPRESA ACTIVIDADES AERONÁUTICAS
LUCENSES S.L., PARA INSTALACIÓN DUN AULA-TALLER PREFABRICADA
E DESMONTABLE E O SEU DESTINO EDUCATIVO, NO AERÓDROMO DE
ROZAS (LUGO).**

En Santiago de Compostela, a 2 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, _____, na súa condición de conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro.

Doutra parte, _____, na súa condición de Presidente do Real Aeroclub de Lugo e que actúa en representación desta entidade deportiva con estatutos ratificados e inscritos co nº C-00011 o día 22 de setembro de 1983, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, modificados para adaptación á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

E doutra, _____, da Empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, SL, actuando no seu nome e representación, en virtude das facultades que lle son conferidas na escritura de outorgamento de poder ante notario, do 25 de xuño de 2015.

Tódalas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio de colaboración, e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións das comunidades autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



Segundo.- Que a mércores 24 de agosto de 2016 publicouse no BOE núm. 204 a Resolución 420/38124/2016, de 17 de agosto, da Secretaria Xeral Técnica do Ministerio de Defensa, pola que se publica o Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., representada por _____, sobre a colaboración educativa en ensinanzas de formación profesional. Na súa cláusula primeira indícase que o obxecto do convenio é *establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o INTA e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S. L. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:*

- a) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo (FCT), para alumnos que cursen formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións do INTA e da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S. L.*
- b) Colaboración na formación do alumnado, mediante a impartición conxunta de ensinados de formación profesional.*
- c) Orientación e colaboración na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
- d) Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores do INTA e da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S. L., dentro do plan de recoñecemento da formación profesional que desenvolve a Consellería.*
- e) Impulso dun sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, que favorezan e complementen a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.*
- f) Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
- g) Cesión de equipamentos para a realización de prácticas nos centros de formación profesional.*
- h) Promoción e difusión dos ensinados de formación profesional aeronáuticas polo INTA, e pola empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L.*
- i) Calquera outra colaboración de interese para ambas as partes, emprendemento, prevención de riscos laborais, etc.*



Terceiro.- Que o martes 27 de febreiro de 2018 publicouse no BOE núm. 51, a Resolución 420/38037/2018, do 16 de febreiro, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se publica o Convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» e Actividades Aeronáuticas Lucenses, SL, sobre a colaboración educativa nos ensinos de formación profesional. Segundo a súa cláusula primeira, *o obxecto do convenio específico é desenvolver o contido da cláusula terceira do convenio marco: Colaboración na formación do alumnado de formación profesional. Trátase de establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, SL, para poder impartir no Centro Integrado de Formación Profesional As Mercedes de Lugo ensinos de formación profesional da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos. O INTA e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, SL, atenderán a un número de alumnos acorde á dispoñibilidade de postos formativos, que dependerá da dispoñibilidade dos seus traballadores e instalacións.*

Cuarto.- Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Quinto.- Que co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe ás ensinanzas de formación profesional, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o Real Aeroclub de Lugo e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., acordan subscribir o presente convenio de colaboración para **montaxe dun Aula-Taller prefabricada e desmontable e o seu destino educativo**, relacionada co convenio asinado pola consellería, INTA e Actividades Aeronáuticas Lucenses, Resolución 420/38124/2016, de 17 de agosto, da Secretaria Xeral Técnica do Ministerio de Defensa, pola que se publica o Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., representada por _____, sobre a colaboración educativa en ensinanzas de formación profesional.



Así, e co fin de acadar o obxectivo exposto, ambas as partes, de común acordo, conforme ao artigo 48 da LRXSP, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.- Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento dos mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o Real Aeroclub de Lugo e a empresa Actividades Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., para a **montaxe dun Aula-Taller prefabricada e desmontable no aeródromo de Rozas e o seu destino educativo**, de acordo co establecido na cláusula segunda do presente convenio.

Segunda.- Compromisos e achegas.-

Polo Real Aeroclub de Lugo.-

- O Real Aeroclub de Lugo como concesionario duns terreos, titularidade do Estado, sobre os que ten unha concesión demanial do ano 2011 con autorización para Actividades Aeronáuticas, foi autorizado polo Ministerio de Defensa o 27.12.2016 para realizar unha pequena obra, aulas de formación, no marco dun convenio firmado pola Xunta de Galicia, o INTA e a Sociedade Actividades Aeronáuticas Lucenses.
- Na medida en que se trata dunhas obras de interese público, pero non de carácter supramunicipal, entende a Consellería que non é de aplicación a Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.
- O Real Aeroclub de Lugo achega á Consellería a documentación que se relaciona no ANEXO I deste convenio de colaboración.

Pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.-



- Realizados polo Real Aeroclub de Lugo os trámites sinalados anteriormente a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional iniciará a tramitación da contracción do gasto, así como a tramitación dos correspondentes expedientes de licitación do contrato para **montaxe dun Aula-Taller prefabricada e desmontable no aeródromo de Rozas.**
- O mantemento e conservación da **Aula-Taller prefabricada e desmontable** corresponderá á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Pola empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L.

- Na medida en que a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L., é un centro de mantemento de aeronaves autorizado para avións, helicópteros, ULM, veleiros, situado no aeródromo de Rozas (Lugo), cunha ampla experiencia no mantemento, reparación e inspección de todo tipo de aeronaves, preservación, substitución de motores e hélices, tratamento, calibracións de pitot-estática, pintura, pesadas, etc. , colaborará na formación do alumnado e impulso dun sistema de formación dual, así como orientación e colaboración na formación e actualización do profesorado dependente da consellería, e en xeral nas actividades comprendidas dentro dos campos de actuación establecidos na cláusula primeira do Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses S.L., representada por _____, sobre a colaboración educativa en ensinanzas de formación profesional.

Terceira.- Mecanismos de seguimento.- A fin de realizar o seguimento e a avaliación do grao de execución do convenio, así como a interpretación e cumprimento do mesmo, ambas as partes conveñen a constitución dunha comisión mixta paritaria, composta por tres representantes de cada unha das partes signatarias.

A Comisión de Seguimento reunirse sempre que o solicite algunha das partes, así como no caso de que xurda algún tipo de controversia durante a súa execución.



Cuarta.- Vixencia e Resolución.- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente mentres se manteña a actividade docente na **Aula-Taller prefabricada e desmontable no aeródromo de Rozas** e, en todo caso, ata a data de vencemento do convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses SL, recollido na Resolución 420/38124/2016, do 17 de agosto de 2016, (BOE núm. 204 do 24.08.2016) pola que se publica dito convenio de colaboración.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse de acordo co artigo 49 da LRXSP, coa conformidade expresa das partes intervenientes, no caso de que se manteñan as actividades previstas nel, e coa condición de que previamente se prorrogue o convenio marco citado no parágrafo primeiro.

Ademais da expiración do seu prazo de vixencia, serán causas de extinción do convenio o cese da actividade da aula-taller co uso educativo previsto neste convenio, o mutuo acordo das partes asinantes ou a decisión unilateral dunha parte por incumprimento da outra parte ou porque existen causas excepcionais e xustificadas que dificulten ou obstaculicen o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, previa denuncia cun prazo de dous meses de antelación.

Unha vez expirado o prazo de vixencia do presente convenio, coa posible prórroga, ou expirado o mesmo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional procederá a desmontar a instalación da aula-taller e procederá a súa retirada da parcela para a súa reutilización con fins docentes noutras instalacións da consellería.

Quinta.- Natureza e xurisdición.- Este convenio ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable ao mesmo o establecido no Capítulo VI, Título Prelim da LRXSP.



Sexta.- Información pública.- En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Calquera cuestión que se suscite en canto á aplicación, interpretación e efectos do convenio, que non queden solventadas pola Comisión mixta de Seguimento prevista na cláusula terceira serán resoltas polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado no lugar e data indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes asinantes.

**POLA XUNTA DE
GALICIA**

**A Consellería de Educación,
Universidade e Formación
Profesional**

**POLO REAL AERoclub
DE LUGO**

**POLA EMPRESA
ACTIVIDADES
AERONÁUTICAS
LUCENSES S.L.**



ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA, O REAL AERoclUB DE LUGO, E A EMPRESA ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES S.L., PARA INSTALACIÓN DUN AULA-TALLER PREFABRICADA E DESMONTABLE E O SEU DESTINO EDUCATIVO, NO AERÓDROMO DE ROZAS (LUGO).

Documentación a achegar polo Real Aeroclub de Lugo no expediente de posta a disposición dos terreos:

1. Plano da parcela para instalación da aula-taller prefabricada e desmontable.
2. Títulos de cesión demanial sobre esta parcela.
3. Autorización do Ministerio de Defensa para realización de Actividades Aeronáuticas.
4. Autorización do Ministerio de Defensa para a instalación dun aula-taller prefabricada e desmontable na ubicación proposta en planos.